



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Bases que rexerán o proceso selectivo de 7 prazas de bombeiro condutor

ANUNCIO

Por resolución da concellería de Recursos Humanos de data 17.03.2025 acórdase:

1) Aprobar a convocatoria e as bases que rexerán a convocatoria para a provisión en propiedade de sete prazas de bombeiro condutor.

2) Publicar a convocatoria e o texto íntegro das bases específicas reguladoras da citada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e publicar o anuncio de convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

3) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As bases que rexerán a convocatoria para a provisión en propiedade de 7 prazas de bombeiro condutor son as que de seguido se transcriben:

“BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA PROVER 7 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Concello de Ferrol convoca probas selectivas, mediante o sistema de oposición, para a selección de SETE (7) prazas de **BOMBEIRO CONDUTOR** da Escala de Administración Especial, Subescala de servizos especiais, clase extinción de incendios, Grupo C, Subgrupo C2, persoal funcionario de carreira, cos seguintes requisitos:

Relación laboral: Funcionario de carreira

Funcións/tarefas

- As xerais que figuran na lexislación do servizos.
- Extinción de incendios forestais, urbanos, rurais e industriais.
- Excarceración (liberación) en accidentes de tráfico, ferroviarios e aéreos.
- Rescates verticais e evacuacións.
- Urgencias con mercadorías perigosas.
- Retirada de elementos perigosos.
- Procura de vítimas de catástrofes.
- Urgencias menores (rescate de animais, asistencia técnica en tubaxes principais ...)

O persoal funcionario estará obrigado a manter en forma continua as súas condicións de aptitude física e profesional mediante a asistencia a cursos de formación física, teórica e práctica, así como asistir aos cursos de perfeccionamento profesional considerados necesarios pola xefatura do servizo.

Características do posto: Grupo C, subgrupo C2, Complemento Destino Nivel 16, Complemento específico 2025: 11.617,90 €/ano (829,85 €/mes)

SEGUNDA.- REQUISITOS

Para tomar parte no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir, na data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas correspondentes as prazas convocadas.
- d) Estar en posesión do título de graduado/a en ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación.
- e) Estar en posesión de carné conducir C.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Ferrol. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE. As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

As solicitudes para tomar parte na convocatoria deberán cumprimentarse segundo o modelo oficial que se anexa a estas bases (anexo V).

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, o idioma no que quere que lle sexan entregados os textos dos exercicios da oposición: galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/as aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia da titulación esixida para o ingreso ou xustificación acreditativa de telo solicitado, e abonadas as taxas correspondentes para a súa expedición, xunto coa certificación académica comprensiva das materias cursadas onde conste, expresamente, que finalizou os estudos conducentes á obtención do título. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá presentar a correspondente homologación.
- Copia do permiso de conducir C.
- Copia do certificado de galego Celga III, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego.
- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame nos termos establecidos na base 4ª. Quedan exonerados do seu aboamento aqueles/as aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria no BOP das probas selectivas nas que solicite a participación. A estes efectos, deberá achegarse documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

CUARTA.- TAXA POR DEREITOS DE EXAME

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 28,82 €, consonte á Ordenanza fiscal núm. 28, reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal.

A carta de pagamento pode obterse ou ben no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Ferrol ou telematicamente na páxina web do concello: www.ferrol.gal coa seguinte ruta: (sede electrónica / oficina virtual tributaria/ acceso á oficina virtual tributaria / trámites sen certificado / autoliquidacións / taxas / concepto a liquidar: selección de persoal / subconcepto: grupo C2).

Quedan exonerados do seu aboamento aqueles/as aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria no BOP das probas selectivas nas que solicite a participación. A estes efectos, deberá achegarse documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente

As taxas só serán devoltas no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo por causas non imputables a el/ela.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, o Alcalde ou concelleiro/a delegado/a elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal. Nesta resolución establecerase a composición do órgano de selección así como o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio.

O órgano de selección fará pública na páxina web do Concello a relación de persoas aspirantes admitidas que solicitaron adaptación de tempo e/ou medios, indicando para cada unha delas a adaptación concedida ou, se fora o caso, os motivos da denegación.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

A designación dos membros do Tribunal farase na resolución da Alcaldía ou concelleiro/a delegado/a pola que se probe a lista definitiva de admitidas e excluídas, que fixará tamén a data e a hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas.

A composición do tribunal cualificador deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase presente a paridade entre muller e home, procurando que a diferenza entre os membros de ambos os sexos non exceda de un. O Tribunal cualificador estará composto por un/unha Presidente/a, un/unha Secretario/a – con voz pero sen voto- e tres vogais. Os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto de convocatoria e ser funcionarios de carreira. Dous dos seus mebrros deberán pertencer a outra Administración Pública.

Poderán asistir como observadores as sesións do Tribunal (sen voz e sen voto) un membro por cada organización sindical con representación no Concello de Ferrol (asistencia a título individual), salvo no que respecta as deliberacións do Tribunal, preparación, elaboración e corrección de probas.

Para a válida constitución do tribunal a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria, ou se fora o caso, das persoas que os/as substitúan, e a da metade, a lo menos, dos seus membros.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos supostos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O tribunal continuará constituído ata que se resolvan as reclamacións suscitadas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

O tribunal actuará con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

Non poderán formar parte dos órganos de selección aqueles funcionarios que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria.

As actuacións do órgano de selección haberán de axustarse estritamente ás bases da convocatoria. No entanto, o órgano de selección está facultado para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo, para adoptar os acordos necesarios que garantan o seu adecuado desenvolvemento, en todo o non previsto nestas bases, e para resolver as dúbidas que puidesen xurdir en aplicación delas.

O réxime xurídico aplicable aos tribunais axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; as mencionadas asesoras e asesores limitaranse a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas. Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

En calquera momento do proceso selectivo, o órgano de selección poderá requirir as persoas aspirantes que acrediten a veracidade dos documentos que acheguen para a súa participación neste.

O órgano de selección poderá excluír as e os opositores en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera tipo de actuación fraudulenta durante a realización dos exercicios.

As resolucións dos órganos de selección vinculan ao Concello de Ferrol, sen prexuízo de que, no seu caso, o órgano competente do Concello poida revisalas conforme ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo.

Os órganos de selección, así como o persoal colaborador e asesores, quedarán incluídos na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertencen as prazas convocadas, para os efectos de percepción de asistencias, conforme ao Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SÉTIMA. - DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O lugar, data e hora do comenzo da celebración do primeiro exercicio das probas selectivas darase a coñecer xunto coa publicación das listas definitivas de admitidos e excluídos, no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal. Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos só a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e da páxina web municipal.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo órgano de selección. Serán excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo nos supostos alegados e xustificadas con anterioridade á celebración do exercicio e nos casos de forza maior acaecidos o mesmo día da realización, apreciadas discrecionalmente polo órgano de selección, que deberá adoptar resolución motivada para o efecto. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

Se por mor de embarazo de risco, parto ou enfermidade grave debidamente acreditados algunha das persoas aspirantes non puidese completar o proceso selectivo ou realizar algún exercicio deste, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto de aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo órgano de selección, e en todo caso a súa realización terá lugar antes da publicación da listaxe de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En todo caso, tal e como establece o art. 154 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese nesta convocatoria a posibilidade de adiar a data para realizar aqueles exercicios que coincidiren coa data do parto ou cos primeiros días do puerperio.

Os aspirantes que se atopen nalgunha das situacións indicadas nos apartados anteriores deberán comunicar a súa situación, tan pronto como a coñezan, e en todo caso con carácter previo ao día e hora de inicio de celebración do exame, e

achegar a documentación acreditativa ao Tribunal Cualificador, tan pronto como dispoñan dela, e nun prazo que non poderá ser superior a dous días hábiles desde o día de comunicación da situación, polo medio que se indique, para a súa valoración e no seu caso, para a convocatoria do exame nunha data posterior. Non se valorarán aquelas situacións comunicadas con posterioridade á hora de inicio da celebración do exame, ou cuxa documentación acreditativa achéguese despois de transcorridos dous días hábiles desde a comunicación da situación.

A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabética e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “F”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16, do 24 de xaneiro).

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización de cada exercicio provistas/os do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios na convocatoria ou polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirirille aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) estarán prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración dos restantes exercicios faranse públicos cun mínimo de 12 horas de antelación á sinalada para o seu inicio, se se trata do mesmo exercicio, ou con 24 horas se se trata dun novo. Estes anuncios publicaranse na sede electrónica do Concello de Ferrol. Así mesmo, concluído cada un dos exercicios do proceso selectivo, o órgano de selección fará pública na sede electrónica municipal a relación de aspirantes que os superasen con indicación da puntuación obtida.

Calquera referencia normativa ao temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP das bases específicas da convocatoria.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba, ata o comezo do seguinte, deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e non poderán transcorrer máis de 40 días hábiles.

OITAVA.- PROCESO SELECTIVO

8.1.- O proceso selectivo axustarase a normativa establecida na base 13ª. O sistema selectivo a empregar será o de oposición libre.

A fase de oposición consistirá na realización de cinco probas de carácter eliminatorio.

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio (máximo 30 puntos).- **Cuestionario tipo test.**

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario establecido no ANEXO II a esta convocatoria. Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

Cada pregunta correcta puntuará 0,3 puntos. Cada pregunta incorrecta descontará 0,10 puntos. As preguntas non contestadas nin suman nin restan puntuación.

O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminadas.

Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 15 + 15 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P_c = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

O órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

Para a formulación das preguntas o tribunal empregará como referencia os manuais elaborados para a formación de bombeiros-condutores polo Consorcio de Extinción de Incendios e Salvamento (CEIS) de Guadalajara, que están a disposición dos aspirantes na seguinte dirección electrónica:

“<http://www.ceisguadalajara.es/category/documentacion/> “

As preguntas entenderanse formuladas e deberanse contestar consonte a lexislación vixente á data de finalización do prazo de presentación de instancias para participar no proceso selectivo.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio (máximo 30 puntos).- **Probos de aptitude física e habilidades funcionais:**

Consistirá na realización das probas que se indican no Anexo I destas bases. As probas serán eliminatorias sendo preciso acadar a puntuación mínima esixida en cada unha delas para acceder á seguinte (2,5 puntos nas probas 1 a 6 e, no caso das probas 7 e 8, APTO). Para a superación do exercicio deberán superarse todas e cada unha das probas nel incluídas.

Cada proba individual será puntuada conforme figura no citado anexo e o resultado final deste exercicio será o resultado de sumar as puntuacións obtidas nas probas 1 a 6. No caso das probas 7 e 8 deberá acadarse a valoración de APTO.

Para a realización deste exercicio, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento establecido no anexo I.

A puntuación final deste exercicio será a suma das puntuacións obtida nas probas 1 a 6 segundo o establecido no Anexo I.

O exercicio será cualificado de 0 a 30 puntos máximo, sendo necesario superar as 8 probas individuais para superalo.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación

Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio **Proba Psicotécnica**

Para a realización e e corrección deste exercicio, o Tribunal estará asistido por un equipo psicolóxico, formado por licenciados en psicoloxía ou titulación equivalente, e con experiencia na realización deste tipo de probas para o acceso á función pública, constando das seguintes probas:

Proba de Aptitude Psicotécnica: Consistirá en contestar por escrito no tempo que determine o Tribunal un test de personalidade dirixido á valoración da capacidade de razoamento e planificación do/a aspirante, así como dos aspectos da personalidade e actitudes máis adecuadas ás funcións que vaia desenvolver. Levarase a cabo mediante test normalizado e a valoración dos aspirantes realizarase por comparación cos baremos e perfís do devandito test. O contido concreto dos baremos e perfís para a comparación será o que figura no anexo IV destas bases.

Estas probas serán contrastadas cunha entrevista persoal, que terá por obxecto verificar que a persoa aspirante reúne as condicións necesarias para o correcto desempeño das prazas convocadas.

A valoración deste exercicio será de apto/non apto.

Cuarto exercicio. Coñecemento da Lingua Galega

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios anteriores. Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA III ou equivalente.

Constará de dúas partes:

Na primeira as persoas aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valoraranse os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa.

Na segunda parte, de carácter oral, consistirá en manter unha charla en galego cunha duración máxima de dez minutos cos membros do Tribunal, na que se falará do documento obxecto da primeira parte deste exercicio e só se valorarán os aspectos citados, admitíndose as variantes dialectais.

Para o obxecto de garantir a posibilidade de revisión da proba oral, gravarase en cinta magnética sempre que o/a aspirante non renuncie expresamente a este dereito. Esta proba será cualificada como “APTO/A” ou “NON APTO/A”.

O tribunal deberá contar co asesoramento do departamento de Normalización Lingüística do Concello para a elaboración desta proba.

Quinto exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio **Recoñecemento Médico**

As persoas aspirantes, unha vez rematados todos os exercicios, deberán superar un recoñecemento medico en base ao cadro de exclusión do ANEXO III

A proba cualificarase de **APTO/NON APTO**, a non superación desta proba supoñerá a exclusión no proceso selectivo.

8.2- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

A cualificación final virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas en cada un dos exercicios.

No caso de empate na puntuación final, a orde establecerase atendendo aos seguintes criterios:

1. Ser muller, dada a infrarepresentación do sexo feminino no corpo ao que pertences as prazas convocadas, en aplicación do art. 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

2. Maior puntuación no primeiro exercicio.

3. Maior puntuación no segundo exercicio.

4. No caso de persistir, decidirse por orde alfabético do primeiro apelido e, no seu caso, do segundo, de conformidade co que estableza a resolución da Xunta de Galicia, vixente nese momento, en canto ao resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA.- RESULTADO DA SELECCIÓN

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas, por orde de puntuación final, no Taboleiro de Anuncios e na páxina WEB do Concello, simultaneamente dará traslado á Alcaldía que efectuará o nomeamento como funcionarios en prácticas.

O tribunal non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o tribunal teña proposto o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das e dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento como funcionarios en prácticas, o órgano convocante poderá requirir do Tribunal relación complementaria das e dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionario en prácticas. Este requirimento poderá tamén facerse ao tribunal cando as e os aspirantes aprobados, dentro do prazo fixado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación establecida na devandita base ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos na convocatoria, así como cando o aspirante non tomase posesión no período sinalado por causas a el imputables, e salvo causa de forza maior.

As persoas aspirantes que superaran todas as probas formarán parte dunha listaxe de reserva aos efectos do seu posible nomeamento como persoal funcionario interino pola causas previstas no art. 10.1. do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta listaxe seguirán a orde rigorosa de puntuación obtida. Realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección facilitados no momento da presentación de instancias. As persoas integrantes da bolsa deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera modificación dos datos de contacto indicados ao efecto.

Levarase a cabo un máximo de dúas chamadas telefónicas ao longo de unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 ás 14:00 horas) e cun intervalo mínimo de unha hora. No caso de non terse producido resposta, remitirase un correo electrónico (dentro da mesma xornada). Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou non, a oferta realizada. Non obstante, na solicitude poderá indicarse un medio preferente de comunicación de entre os sinalados. No caso de seleccionar como medio preferente o correo electrónico, realizarse en primeiro lugar a comunicación por correo electrónico e, posteriormente, de non obterse resposta, vía telefónica, nos termos xa sinalados.

A citada listaxe manterá a súa vixencia ata que se proceda a formar unha nova listaxe mediante un novo proceso selectivo, ben mediante proceso para a cobertura en propiedade de prazas vacantes incluídas na oferta pública de emprego, ben mediante proceso específico para selección de persoal funcionario interino da categoría de bombeiro-condutor.

DÉCIMA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

No prazo de vinte (20) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publique a relación de aprobados/as no BOP da Coruña, os/as opositores propostos deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa

excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración responsable de non estar separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

- Número de afiliación á seguridade social

- Acreditación documental da conta bancaria na que realizar os ingresos nominais.

Os que tivesen a condición de funcionarios/as de carreira estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar tal condición.

No caso de aspirantes que concorresen ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea, deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe son menores de vinte e un anos, ou maiores de devandita idade dependentes.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito. Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello de Ferrol. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

Os aspirantes propostos polo Tribunal, en número igual ao de prazas convocadas, unha vez presentada a documentación requirida e comprobado o cumprimento dos requisitos, serán nomeados funcionarios en prácticas por decreto da Alcaldía ou concellería delegada. A resolución de nomeamento será obxecto de publicación no BOP.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do dito nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario en prácticas.

DÉCIMO SEGUNDA.- CURSO SELECTIVO DE FORMACIÓN E PERÍODO EN PRÁCTICAS. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Os aspirantes nomeados funcionarios en prácticas deberán superar un curso teórico-práctico de formación a realizar polo Concello e que constará dun mínimo de 300 horas.

Unha vez concluído o curso selectivo, o órgano responsable da avaliación do curso elevará á Alcaldía o nomeamento como funcionarios de carreira dos aspirantes que superaran o mesmo. A resolución de nomeamento será obxecto de publicación no BOP. As persoas nomeadas deberán tomar posesión no prazo de un (1) mes a partir da data da publicación da resolución do nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario de carreira.

Os aspirantes que non superen o curso selectivo perderán todos os seus dereitos ao nomeamento como funcionarios de carreira.

As/os aspirantes que non puidesen realizar o período de formación e prácticas por causa de forza maior, debidamente xustificada e apreciada pola Alcaldía, poderán incorporarse ao inmediatamente posterior que se celebre intercalándose no lugar correspondente á puntuación obtida. De non superalo perderán todos os seus dereitos ao nomeamento como persoal funcionario de carreira.

No caso dos funcionarios interinos que poidan nomearse a través da listaxe de agarda, deberán realizar un curso de formación nos termos que se determinen pola xefatura do servizo de bombeiros.

DÉCIMO TERCEIRO.- NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación a seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto 95/1991, do 23 de marzo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Restante normativa de aplicación.

Con carácter supletorio:

- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado.
- Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e á provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Demais disposicións que sexan de aplicación.

Segunda.-Para todo o non previsto nestas bases, o Tribunal estará facultado para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento dos procesos selectivos, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

Terceira.-Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión normativa ou delegación desta, asuma idénticas competencias.

Cuarta.- De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

Quinta.-Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

ANEXO I

PROBAS DE APTITUDE FÍSICA E HABILIDADES FUNCIONAIS

A) DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS FÍSICAS E CADRO DE MARCAS:

1. Tropa de corda
2. Circuito de axilidade
3. Proba de Press Banca.
4. Test de potencia do tren superior
5. Resistencia
6. Natación, 50 metros estilo libre

Para a realización destas probas, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento deportivo axeitado.

1.- TREPA DE CORDA LISA

A proba consistirá en trepar por unha corda lisa a unha altura de 6 metros, medidos dende a parte superior da colchoeira, partindo dende a posición de sentado. Á voz de “Xa” do/da xuíz/a iniciárase a trepa pola corda ata superar a marca establecida na corda ou facer soar a campá ubicada ó final da corda. Non se permite o uso de luvas. Só se disporá dun intento.

Tempo máximo de execución:

Homes 14 segundos.

Mulleres 18 segundos.

Declararase non apto ó/á aspirante cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

- a) O/a aspirante non acade a altura marcada.
- b) O/a aspirante inicie a saída antes da voz de “xa” do/da xuíz.


2.- CIRCUITO DE AXILIDADE (TEST DE BARROW)

Consistirá en recorrer dúas veces o circuito establecido no diagrama que se mostra e a continuación.


Explicación gráfica do exercicio:

Disposición: de pé ao lado do poste e trala liña de saída.

Execución: Recorrerase un circuito en forma de “oito” delimitado por cinco postes, catro deles sinalizando os vértices do rectangular de medidas 8,66 metros X 5,00 metros, e o quinto poste no centro do rectangular Os aspirante deben completar dúas voltas ao circuito, unha en cada sentido segundo gráfico A y B. O tempo entre o final do primeiro recorrido e o comenzo do segundo será marcado polo tribunal e non será superior a cinco segundos.



RECORRIDO A



RECORRIDO B

Medición: Será manual con cronómetro, que se poñerá en funcionamento a sinal do comenzo da proba e se parará cando o aspirante traspase a liña de chegada. O resultado da medición será a suma dos tempos empregados en ambos recorridos.

Intentos: Un so intento.

Causas de eliminación:

- A non realización da proba no tempo establecido.
- Derribar algún dos postes ou agarralos.
- Saírse do recorrido.
- Usar sustancias adherentes de calquera tipo nas solas dos zapatos.

O tribunal se reserva o dereito a comprobación obxectiva do uso deste tipo de sustancia de forma previa a realización da proba.

Tempo máximo:

Mulleres: 32´´ segundos.

Homes: 28´´ segundos.

3.- PROBA DE PRESS BANCA.

A finalidade desta proba é medir a potencia do tren superior.

Os/as aspirantes colocaranse en posición decúbito supino nun banco plano cos glúteos, cadeiras e ombreiros sobre o banco. Os pés deben permanecer pegados ao chan.

O agarre será dírigo palmar, un pouco máis aberto da anchura dos ombreiros, sobre a barra cunha resistencia de 40 kilogramos para homes e de 30 kilogramos para mulleres.

A proba consistirá en executar repeticións en press banca coa resistencia indicada durante 60 segundos.

Validación: Para que as execucións se poidan considerar válidas as extensións de cóbado deben ser completas (á máxima amplitude) e cando se efectúe a flexión do cóbado, a barra debe tocar o peito. Non está permitido o rebote da barra no peito, nin despegar as cadeiras ou a espalda do banco. Os pés deberán permanecer pegados ó chan durante toda a proba. As repeticións mal efectuadas non contabilizarán.

Execución: Á voz de "Preparado/a" do/da xuíz/a, o/a aspirante liberará a barra do soporte de fixación e manterá a barra na posición de máxima amplitude de cóbado. Á voz de "Xa" do/a xuíz/a comezará o desenvolvemento da proba.

4.- TEST DE POTENCIA DO TREN SUPERIOR

Consistirá en facer flexións nunha barra colocada paralelamente o chan.

Disposición: partírase da posición de suspensión pura coas palmas das mans cara o fronte e brazos completamente estendidos Poderá comezar a proba no momento que o considere oportuno

Execución: A flexión considerarase válida cando a barbilla do aspirante supere o plano horizontal da barra, debendo facer unha extensión completa dos brazos antes de comezar a seguinte flexión. A proba rematará cando o aspirante se descolgue da barra ou solte algún dos brazos da barra.

Medición: O xuíz contabilizará en voz alta cada unha das flexións que considere válidas.

Intento: Un so intento.

Invaldacións: A flexión non se considerará válida cando:

- O queixo da persoa aspirante non supere o plano horizontal da barra.
- Non se realice a extensión completa de brazos previa a cada repetición.
- Se faga balanceo do corpo.
- Se realice movemento dos talóns que supoñan axuda a execución da flexión.
- Se realice movemento dos xeonllos que supoñan axuda a execución da flexión.
- Si se realiza a forza do salto previo a proba antes de realizar a primeira repetición.

Causas de eliminación: Non conseguir as repeticións válidas mínimas.

Repeticións mínimas:

Mulleres: 8 repeticións

Homes: 14 repeticións

5.- RESISTENCIA

Consistirá en recorrer unha distancia de 1.000 metros, arrancando desde parado.

Disposición: O aspirante colocará o pé no lugar sinalado para a saída.

Execución: A propia para este tipo de carreiras.

Medición: Será manual con cronómetro, que poñerá en funcionamento no sinal de comenzo da proba e se deterá cando o aspirante rebase a liña de chegada.

Intentos: Un so intento.

Causas de eliminación: A non realización da proba dentro do tempo máximo establecido e o incumprimento das normas propias deste tipo de carreiras así como unha saída nula.

Con carácter supletorio será de aplicación o Regulamento da Federación Española de Atletismo

Tempo máximo:

Mulleres: 03 minutos e 49 segundos. (3´49´´)

Homes: 03 minutos e 29 segundos. (3´29´´)

6.- NATACIÓN

Consistirá en nadar 50 metros, estilo libre.

Disposición: Os aspirantes deberán efectuar a saída de pé ao borde da piscina, sen carreira e cos pés xuntos.

Execución: A saída realizarase ao son dun asubío, unha vez dada a saída os aspirantes realizarán nadando 50 metros en estilo libre nunha piscina de 25 metros, debendo tocar claramente o borde da piscina no cambio de sentido, e á chegada a meta tocar o borde con unha das mans.

O material para realizar a proba será: bañador, gafas de natación e obrigatorio o uso de gorro.

Medición: Será manual con cronómetro, que se poñerá en funcionamento ao comenzo da proba e se parará cando o aspirante toque o borde da piscina.

Intentos: Permítese unha saída nula.

Eliminación: Quedará eliminada a persoa que:

- se suxeite a corchera, rebosadeiro etc.
- non cubra a distancia no tempo establecido.
- provoque a realización de dúas saídas nulas.

Con carácter supletorio, será de aplicación o Regulamento da Federación Española de Natación.

Tempo máximo:

Mulleres: 47 segundos.

Homes: 40 segundos.

BAREMOS PARTE PRIMEIRA: PROBAS DE APTITUDE FÍSICA

MULLERES											
CORDA		T. AXILIDADE		PRESS BANCA		POTENCIA T.S.		RESISTENCIA		NATACIÓN	
Puntos	Tempo	Puntos	Tempo	Puntos	Repeticións	Puntos	Repeticións	Puntos	Tempo	Puntos	Tempo
2,5	18"	2,5	32"	2,5	40	2,5	8	2,5	3´49´´	2,5	47"
2,75	17"	2,75	31,2"	2,75	43	2,75	9	2,75	3´44´´	2,75	45"
3	16"	3	29,4"	3	46	3	10	3	3´39´´	3	42"
3,25	15"	3,25	28,6"	3,25	49	3,25	11	3,25	3´34´´	3,25	39"
3,50	14"	3,50	27,8"	3,50	52	3,50	12	3,50	3´29´´	3,50	37"
3,75	13"	3,75	27"	3,75	55	3,75	13	3,75	3´24´´	3,75	36"
4	12"	4	26"	4	58	4	14	4	3´19´´	4	35"
4,25	11"	4,25	25"	4,25	61	4,25	15	4,25	3´16´´	4,25	34,5"
4,5	10"	4,5	24,5"	4,5	64	4,5	16	4,50	3´13´´	4,5	34"
4,75	9"	4,75	24"	4,75	67	4,75	17	4,75	3´11´´	4,75	33,5"
5	8"	5	23,5"	5	70	5	18	5	3´09´´	5	33"

HOMES											
CORDA		T. AXILIDADE		PRESS BANCA		POTENCIA T.S.		RESISTENCIA		NATACIÓN	
Puntos	Tempo	Puntos	Tempo	Puntos	Repeticións	Puntos	Repeticións	Puntos	Tempo	Puntos	Tempo
2,5	14"	2,5	28"	2,5	40	2,5	14	2,5	3´29´´	2,5	40"
2,75	13"	2,75	27"	2,75	43	2,75	16	2,75	3´24´´	2,75	39"
3	10"	3	26"	3	46	3	18	3	3´19´´	3	38"
3,25	8,6"	3,25	25,5"	3,25	49	3,25	20	3,25	3´14´´	3,25	37"
3,50	8,0"	3,50	25"	3,50	52	3,50	22	3,50	3´09´´	3,50	36"
3,75	7,4"	3,75	24,5"	3,75	55	3,75	24	3,75	3´04´´	3,75	35"
4	6,8"	4	24"	4	58	4	26	4	2´59´´	4	34"
4,25	6,4"	4,25	23,5"	4,25	61	4,25	28	4,25	2´56´´	4,25	33"
4,5	6,2"	4,5	23"	4,5	64	4,5	30	4,50	2´53´´	4,5	32"
4,75	6,0	4,75	22,5"	4,75	67	4,75	32	4,75	2´51´´	4,75	31"
5	5,8"	5	24"	5	70	5	34	5	2´49´´	5	30"

B) PROBAS DE HABILIDADES FUNCIONAIS:

7.- EXERCICIO DE APTITUDE EN ESPAZOS CONFINADOS.

Trátase de detectar a enfermidade pola que os espazos pechados e escuros producen (na persoa que a padece), un estado de nerviosismo que lle impide realizar as habituais labores de salvamento ou extinción de incendios. Para a avaliación desta proba o tribunal poderá propoñer a asistencia a esta proba de asesores médicos. Declararanse aptos os aspirantes que non manifesten síntomas de claustrofobia, nin desorientación e non superen o tempo máximo establecido para a realización do exercicio.

Descrición: O/a aspirante posicionarase de pé fronte a unha porta de acceso a un local que disporá de visibilidade reducida (para iso poderase recorrer a escurecemento de cristais e zonas polas que entre a luz ou emprego de fume sintético empregado nos simulacros de incendio). Terá posto un anteface para evitar ver o interior do local cando se abra a porta de acceso. Un membro do tribunal introducirá no local a o/a aspirante e situarano/a nunha referencia (dereita ou esquerda). Unha vez situado/a na referencia se lle dará a voz de comezo da proba, momento no que se retirará o anteface e comezará a contar o tempo de realización da proba. O/a aspirante comezará a progresar seguindo sempre a referencia establecida. Durante o percorrido un membro do tribunal, nun momento determinado, ordenará parar a o/a aspirante a súa progresión e permanecer polo menos 30" nesa posición. Á voz dun membro do tribunal de continuar, o/a aspirante seguirá progresando ata chegar de novo ao lugar de acceso ou ata que un membro do tribunal lle estableza a finalización do exercicio. O/a aspirante terá un único intento.

O exercicio valorarase como apto ou non apto.

O tempo máximo de realización do exercicio será establecido polo tribunal antes do comezo do exercicio.

A proba non se considerará apta cando:

- O/a aspirante manifeste síntomas de claustrofobia.
- Cando non realice o exercicio dentro do tempo estipulado.
- Cando o/a aspirante se desoriente no exercicio.

Haberá membros do corpo de bombeiros de Ferrol para garantir a seguridade dos/as aspirantes.

8.- EXERCICIO DE APTITUDE DE TRABALLO EN ALTURA.

Trátase de detectar a enfermidade pola que a presenza de altura produce (na persoa que a padece), un trastorno nervioso que lle impide realizar as habituais labores do posto como é a asistencia e rescate de persoas en altura. Para a avaliación desta proba o tribunal poderá propoñer a asistencia a esta proba de asesores médicos.

Declararanse aptos os aspirantes que non manifesten síntomas de vertixe ou falta de equilibrio, executen o exercicio nos termos establecidos e non superen o tempo máximo establecido para a realización do exercicio.

Descrición: O/a aspirante posicionarase de pé fronte a unha autoescaleira que estará estendida e disporá dunha inclinación que o tribunal establecerá previamente á realización do exercicio. O/a aspirante estará asegurado/a por membros do corpo de bombeiros de Ferrol. Á voz de "xa" o/a aspirante comezará a subir a autoescaleira, chanzo a chanzo, ata a parte superior. Alí un membro do tribunal lle indicará cando pode comezar a baixar. Subirá e baixará sempre de fronte aos chanzos. O/a aspirante terá un único intento.

O exercicio valorarase como apto ou non apto.

O tempo máximo de realización do exercicio será establecido polo tribunal antes do comezo do exercicio.

A proba non se considerará apta cando:

- O/a aspirante manfeste vertixe ou falta de equilibrio.
- Non suba a autoescaleira na súa totalidade.
- Non realice o exercicio dentro do tempo estipulado.
- O /a aspirante non execute o exercicio da maneira estipulada.

Haberá membros do corpo de bombeiros de Ferrol para garantir a seguridade dos/as aspirantes.

ANEXO II

TEMARIO

Tema 1. A Constitución Española. Título preliminar. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. As Cortes Xerais. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. A organización territorial do Estado.

Tema 2. O Estatuto de Autonomía de Galicia: As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. Das competencias de Galicia.

Tema 3. O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Organización. Competencias. O réxime de organización dos municipios de gran poboación. Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol.

Tema 4. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Réxime disciplinario.

Tema 5. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Capítulo I, II, III, V e VII. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación.

Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; Título IV e Título VI.

Tema 6. Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia. Disposicións xerais. A axencia galega de emerxencias. Competencias das entidades locais. As xuntas locais de protección civil. A acción pública de protección civil e emerxencia. As medidas de autoprotección privada. O persoal do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia.

Tema 7. Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e Plan de Emerxencias Municipais (PEMU) do Concello de Ferrol.

Platerga (versión 2009):

Capítulo IV. Estrutura, organización e función.

Capítulo V. Centros de coordinación do Platerga.

Capítulo VI. Operatividade.

PEMU do Concello de Ferrol:

Capítulo IV. Estrutura, organizacións e funcións.

Capítulo V. Centros de coordinación.

Capítulo VI. Operatividade do Pemu do Concello de Ferrol.

Rueiro e toponimia do Concello de Ferrol. Barrios. Polígonos industriais e urbanizacións. (Pódese empregar para o seu estudo a aplicación Open Street Map).

Tema 8. Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios:

Capítulo V. Inspeccións periódicas de instalacións de protección contra incendios.

Anexo I. Características e instalacións dos equipos e sistemas de protección contra incendios do Regulamento das instalacións de protección contra incendios.

Tema 9. Código Técnico da Edificación.- Documento Básico SI.- Seguridade en caso de incendio. Sección SI 4. Instalacións de protección contra incendios.

Sección SI 5. Intervención dos bombeiros. ["/https://www.codigotecnico.org/pdf/Documentos/SI/DccSI.pdf"](https://www.codigotecnico.org/pdf/Documentos/SI/DccSI.pdf).

Tema 10. Teoría do lume. Combustións. Triángulo e tetraedro do lume. Tipos de lumes. Evolución dos lumes. Transmisión dos lumes. Mecanismos de extinción. Axentes extintores. Aplicación dos axentes extintores.

Tema 11. Hidráulica. Propiedades dos fluidos. Hidrostática e Hidrodinámica. Bombas centrífugas. Instalación hidráulica.

Tema 12. Lumes no Interior. Lumes en túneles. Lumes industriais. Lumes de vexetación.

Tema 13. Rescate en altura. Rescate en simas, covas e barrancos. Rescate en ríos, riadas e inundacións. Rescate subacuático.

Tema 14.- Rescate en accidentes de tráfico. Rescate en accidentes ferroviarios. Rescate en ascensores. Rescate e búsqueda en grandes áreas. Rescate apícola e doutras especies.

Tema 15. Edificacións. Caracterización. Técnicas de estabilización de sistemas construtivos e terreos. Valoración. Tácticas de intervención.

Tema 16.- Estructuras colapsadas. Caracterización. Técnicas de intervención. Tácticas de intervención. Aperturas forzadas. Rescate en ascensores. Apeo e poda do arbolado.

Tema 17. Risco eléctrico. Caracterización. Valoración e intervención en incidentes con risco eléctrico. Tácticas de intervención.

Tema 18. Riscos nucleares, radiolóxicos, biolóxicos e químicos (NRBQ). Caracterización. Técnicas de intervención. Valoración. Tácticas de intervención.

Tema 19. Ferramentas e equipos operativos. Vehículos de bombeiros.

Tema 20. Intervencións sanitarias en emerxencias. Soporte vital. Urxencias traumáticas e grandes emerxencias. Triaxe. Urxencias médicas. Prevención e apoio psicolóxico.

ANEXO III**EXCLUSIÓNS MÉDICAS****1. Obesidade-delgadeza**

- Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o servizo das funcións propias do cargo.
- Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresado en metros.

2. Oftalmoloxía

- Diminución da agudeza visual inferiores a 1/3 no ollo mellor e 1/4 no ollo peor sen lentes correctoras.
- Patoloxía que, a xuízo do tribunal, poida alterar o desenvolvemento da función da profesión ou agravarse con ela, entre elas:
 - Retinopatía (admítase a coriorretinite central serosa)
 - Retinose pigmentaria.
 - Hemeralopía
 - Hemianopsia.
 - Diplopia.
 - Discromatopsias importantes, que poidan alterar o desenvolvemento da función a xuízo do tribunal.
 - Glaucoma.
 - Afaquias, pseudoafaquias.
 - Subluxación do cristalino.
 - Distrofia corneal progresiva ou con diminución da agudeza visual inferior á permitida. Queratite crónica.
 - Alteracións oculomotoras importantes.
 - Dacriocistite crónica.
 - Pálpebras: calquera patoloxía ou defecto que impida a protección do ollo á intemperie. Tumores oculares.
 - Amputación importante do campo visual en ambos os ollos.

3. Otorrinolaringoloxía

- Non se admitirá audiófono.
- A agudeza auditiva conversacional admitindo perdas de entre 1000 e 3000 hertzios a 35 decibeis ou de 4000 hertzios a 45 decibeis.
- Vertixe
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.

4. Aparato locomotor

Non padecer: Enfermidades e limitacións de movementos: Non admitirán graos de mobilidade inferiores a:

a) Extremitades superiores:

- Ombro:

Elevación progresiva en anteversión ata 180°.

Abdución ata 120°.

Dinamometría escapular menos de 25 quilos.

- Cóbado:

Flexión ata 140°.

Extensión ata 0°.

Supinopronación de 0° a 180°.

- Boneca|Pulso: Flexo-extensión ata 120°.

- Mans e dedos: Deformidades que impidan flexo-extensión dos dedos ou o manexo de ferramentas.
- Dinamometría: Non inferior a 30 quilos en calquera das mans.
- Calquera falta ou perda do primeiro dedo íntegro dunha man cando non estea conservada a pinza do polgar e o índice.
- Non se admitirá a perda de 2 falanxes nos 3º, 4º ou 5º dedo.

b) Extremidades inferiores:

- Cadeira:
- Flexión ata 120º.
- Extensión ata 10º (máis alá de 0º).
- Ter unha extremidade inferior máis curta que a outra (maior de 1,5 cm.).
- Xeonllo:
- Extensión completa.
- Flexión ata 130º.
- Laxitude ligamentosa patolóxica.
- Nocello: Flexo-extensión dorso plantar ata 45º.
- Pé: Alteracións musculoesqueléticas que impidan ou dificulten as funcións propias, e/ou a utilización de botas de traballo.

c) Columna vertebral:

- Escoliose e/ou aptitudes escolióticas maiores de 15º.
- Hernia discal intervida.
- Costela accesoria que produza roubo subclavicular.
- Intervencións cirúrxicas en columna vertebral, discos, apófise, etc.

Enfermidades varias:

- Fracturas que deixen secuelas e dificulten a función ou a limiten.
- Osteomielite.
- Osteoporose.
- Condromalacia.
- Artrite.
- Luxación recidivante non intervida.
- Parálise muscular.
- - Miotonía conxénita.
- Espondilolistesis grao un.
- Calquera outra enfermidade ou alteración osteomuscular que limite a mobilidade dificultando as funcións propias das tarefas do Corpo de Bombeiros.

5. Aparato dixestivo

- Cirrose.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatite crónica.
- Úlcera sanguenta recidivante.
- Calquera patoloxía do aparato dixestivo ou intervencións cirúrxicas que presenten secuelas funcionais con repercusións orgánicas e que incidan negativamente no desempeño do seu traballo.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.

6. Aparato cardiovascular

- Hipertensión arterial maior de 155/95 mmHg

- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, nin sufrilo anteriormente.
- Coronariopatías.
- Arritmias importantes con repercusión hemodinámica.
- Taquicardia sinusal permanente de máis de 120 latexos por minuto.
- Flutter - Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
- Bloqueo aurículo Ventricular de 2º ou 3º grao.
- Extrasístoles patolóxicas.
- Valvulopatías. Non se admitirán próteses valvulares.
- Aneurismas cardíacos ou de grandes vasos. Insuficiencia arterial periférica. Insuficiencia venosa periférica que produza signos de estase ou alteracións tróficas varicosas ou calquera tipo de alteración vascular periférica aínda sen cursar sintomatoloxía. Secuelas postromboembólicas
- Defectos e deformacións dos dedos e/ou mans producidos por problemas de circulación, que sexan sintomáticos ou dificulten a realización satisfactoria dos traballos propios da profesión.

7. Aparato respiratorio

- Insuficiencia respiratoria.
- Diminución do VEMS por debaixo do 80%.
- EPOC - Asma bronquial.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Neumotorax recidivante.
- Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas prácticas físicas a realizar e nas tarefas específicas da profesión.

8. Sistema nervioso central

- Párkinson, corea ou balismo.
- Epilepsia.
- Esclerose múltiple.
- Ataxia.
- Arteriosclerose cerebral sintomática.
- Vertixe de orixe central.
- Alteracións psiquiátricas de base.
- Calquera grao de hiposmia.

9. Pel

Cicatrices que produzan limitación funcional importante, e aqueles procesos patolóxicos que, a xuízo do tribunal, limiten ou se agraven co desempeño da función propia da praza.

10. Outros procesos patolóxicos que impiden o normal desenvolvemento da función da profesión

- Enfermidade de Cushing.
- Enfermidade de Addison.
- Insuficiencia renal crónica.
- Falta dun ril
- Enfermidades renais evolutivas.
- Hemopatías crónicas graves.
- Probas analíticas compatibles con patoloxía de base.

- Tumores malignos invalidantes.
 - Tuberculose
 - Hernia inguinal.
 - Análise de ouriños: albuminuria e/ou cilindruria importantes.
11. Alcoholismo ou drogodependencias ou outras alteracións que poidan interferir coa actividade profesional.
12. Calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico dificulte ou impida o desenvolvemento das funcións do posto a ocupar.

ANEXO IV**PERFIL PSICOLÓGICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO.**

Tendo en conta as funcións que debe realiza-lo servizo de extinción de incendios, os test irán dirixidos a excluír ós/ás aspirantes con anomalías respecto ó perfil psicológico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traducen nas seguintes:

1. Desviación psicopática: refírese á incapacidade de aproveitamento das experiencias vividas e á desconsideración cara ás normas sociais. Aparentemente esta anomalía non se pode detectar sen un estudio psicológico, xa que as persoas con esta tendencia se mostran agradables e intelixentes e só se descubren a simple vista cando se atopan en serias dificultades, por iso débense utilizar instrumentos sociométricos para a súa detección.

2. Esquizofrenia: refírese á separación que presentan algunhas persoas entre a vida subxectiva e a realidade, por tanto presentan de forma irracional cambios de estado de ánimo e de conduta.

3. Paranoia: refírese á aparición de delirios de persecución, susceptibilidade ou sospeita, hipersensibilidade con ou en egotismo expansivo (demasiada importancia da propia persoa e un afán desmedido en falar de si mesmo). Os suxeitos que padecen a dita anormalidade dan a impresión de ser normais cando están en garda, pero pódense converter rapidamente en litigantes ou vingativos contra calquera que dea mostras de querer controlalos.

4. Psicastenia: refírese a un tipo de conduta, tanto explícita como implícita, causada por fobias que inclúen todo tipo de temores ilóxicos (obxectos ou situacións) que poden provocar reaccións extremas a estímulos correntes.

5. Hipomanía: refírese a unha alteración cunha marcada superprodutividade de pensamento e accións. As actividades das persoas que padecen esta anomalía poden estorbar ós demais, xa que prestan moi pouca atención ós principios sociais establecidos, mostrando graves dificultades coa lei e os seus representantes.

6. Depresión: refírese á tendencia a mostrar unha falta de confianza en si mesmo, tendencia a preocuparse, poucos intereses e introversión cando se atopa ante unha situación crítica.

7. Histeria: refírese á propensión a sufrir ataques esporádicos de debilidade, desmaio, ou convulsións epileptoides, que se desencadean ante calquera situación de tensión.

8. Hipocondriase: refírese á inmadurez ante a forma de enfrontamento ós problemas, con tendencia a non atopar solucións adecuadas.

Así mesmo, valoraranse positivamente no test os factores determinantes da personalidade que deben estar presentes no perfil ideal dos aspirantes ó ingreso neste corpo, e que se traducen en:

1. Nivel intelectual: refírese á capacidade para a toma de decisións, capacidade de aprendizaxe, atención e concentración na tarefa.

2. Nivel de personalidade: refírese a factores como a estabilidade emocional, orde e minuciosidade, responsabilidade, capacidade de traballo en equipo, sociabilidade e capacidade de adaptación ó grupo, capacidade de concentración e capacidade para afrontar situacións novas que impliquen risco.

ANEXO V**MODELO DE INSTANCIA**

Don/ a

DNI:

Correo electrónico:

Enderezo notificación:

Código Postal:

Concello:

Provincia:

Teléfono:

Medio preferente de comunicación (ver base 9ª):

___ Teléfono

___ Correo electrónico

SOLICITO:

Participar no proceso selectivo para a cobertura de 7 prazas de BOMBEIRO-CONDUTOR Escala de Administración Especial, Subescala de servizos especiais, clase extinción de incendios, Grupo C, Subgrupo C2.

Para o que achego a seguinte documentación:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- Copia da titulación requirida para o acceso ao posto.
- Copia do permiso de conducir C.
- Copia do certificado de galego CELGA III, aos efectos da exención de realización da proba de galego.
- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, documento xustificativo da exención expedido pola oficina de emprego correspondente.
- As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. As que teñan a condición legal de persoas con discapacidade, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Solicito realizar os exercicios da oposición no idioma (marcar unha soa opción):

___ Galego

___ Castelán

Ferrol, ___ de _____ de 2025

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- 1) Que acepto e acato todas e cada unha das bases da convocatoria.
- 2) Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na BASE SEGUNDA na data de remate do prazo de presentación.
- 3) Que os datos contidos na documentación entregada para participar no proceso selectivo son veraces.

(sinatura)"

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 19 de marzo de 2025

En uso da delegación conferida polo acordo da Xunta de Goberno Local do 11/12/2023 (BOP nº 241 do 20/12/2023), a concelleira delegada titular da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística

Susana María Sanjurjo Fraga

2025/1798